

# España

## Presentado o anteproxecto do Estatuto do Persoal Docente e Investigador (PDI), na Conferencia General de Política Universitaria

A devandita conferencia, celebrada o pasado mes de novembro, estivo presidida pola ministra de Ciencia e Innovación e contou coa participación de todas as comunidades autónomas. Un dos principais obxectivos deste estatuto é potenciar a mobilidade do PDI entre universidades, ou entre estas e organismos públicos e privados dedicados á investigación, e empresas baseadas no coñecemento.

O documento constitúe un dos eixes da Estratexia Universidade 2015, formulada polo Ministerio de Ciencia e Innovación, e propón a regulación dunha estrutura de carreira funcional baseadas na obtención de méritos docentes e investigadores, e no logro das condicións necesarias para que os profesores ou investigadores universitarios poidan participar na xestión e explotación dos resultados da súa indagación, segundo esixe a LOMLOU (Lei orgánica de modificación da Lei orgánica de universidades).

A máxima responsable do departamento educativo galego, Laura Sánchez Piñón, considera que o estatuto non só contribuirá ao fomento da mobilidade do persoal, senón que ademais mellorará a cualificación e favorecerá a investigación, a innovación e a transferencia do coñecemento.

## O Ministerio de Educación e as comunidades autónomas aproban novas medidas para reducir o abandono escolar

Estas medidas foron presentadas o pasado mes de novembro na Conferencia sectorial de educación, celebrada en Madrid, na que están representadas as comunidades autónomas. As accións contempladas neste plan articúlanse arredor de catro ámbitos de actuación: as administracións educativas, os centros e os docentes; as familias e mozos que abandonaron o sistema educativo; e o contorno laboral. Tamén se propón a creación dunha mesa permanente sobre abandono escolar temperán, no seo da conferencia sectorial.

Para acadar este obxectivo propuxéronse algunhas medidas, como o aumento da oferta nos programas de cualificación profesional inicial e nas ensinanzas postobligatorias, plans especiais de acción sobre os colectivos nos que se producen maiores bolsas de abandono escolar temperán e nos centros educativos, e a potenciación dos departamentos de Orientación e das medidas de reforzo. Por outra banda, dáselle pulo á formación do profesorado, á creación de escolas de pais e a accións dirixidas aos mozos que abandonan o sistema educativo sen cualificación. A eles van dirixidas iniciativas, como o recoñecemento da aprendizaxe non formal ou a oferta de novas oportunidades, a través da formación a distancia e semipresencial. Por último, no eido local, promoveranse medidas encamiñadas a compatibilizar formación e emprego, así como ao establecemento de programas de orientación profesional en colaboración coas corporacións locais.



Segundo datos do ano 2006 procedentes do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, na Comunidade galega a porcentaxe de poboación entre 18 a 24 anos que completou a educación secundaria obrigatoria e non segue ningún estudo ou formación posterior é do 25,8%, sendo a media española do 29,9%. Galicia sitúase así no sétimo lugar, o que a coloca entre as autonomías con menor abandono escolar temperán.

En canto aos indicadores de poboación de 20 a 24 anos que acadara polo menos o nivel da segunda etapa de educación secundaria, isto é, o bacharelato e os ciclos formativos de grao medio, Galicia atópase no quinto lugar, cunha porcentaxe do 67,5%, mentres que a media española se sitúa no 61,6%.

Na Comunidade galega, dentro da convocatoria de apertura de centros fóra do horario lectivo destinada aos concellos, contéplanse medidas para a mellora do éxito escolar e a prevención do abandono temperán. Por outra banda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aposta pola promoción da formación profesional, como vía para aumentar a porcentaxe de alumnado que cursa formación postobrigatoria. Para este fin, a Administración educativa galega realiza distintas accións dentro do marco do II Plan galego de formación profesional, que xa están a dar os seus froitos. Así, este curso 2008/2009, o número de alumnos de novo ingreso en ciclos formativos incrementouse en case o 3%, sendo esta medra do 3,94% nos ciclos formativos de grao medio.

Entre as accións que se están desenvolvendo, destacan as medidas de orientación, reforzo e apoio (MORA), destinadas ao alumnado que ten dificultades para seguir con normalidade a educación secundaria obrigatoria. No ano 2008 beneficiáanse uns 3.600 alumnos de programas de diversificación e 4.729 de agrupamentos flexibles e apoios educativos. Máis de 300 centros de secundaria levan a cabo este plan, que conta cun investimento de 1,16 millóns de euros, e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Así mesmo, este curso puxéronse en marcha os novos programas de cualificación profesional inicial, que se dirixen ao alumnado que non rematase a educación secundaria obrigatoria. Esta alternativa permite cursar uns estudos e obter un certificado profesional, ou completar a ESO. O número de programas iniciados son 183, e contan cun total de 2.005 matriculados.

Outras das vías adoptadas para reducir o abandono temperán son o incremento da oferta de ciclos formativos de carácter modular e a educación secundaria para as persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia.

## Novo impulso á formación profesional

O Consello de Ministros aprobou o reparto de seis millóns de euros para o desenvolvemento da nova formación profesional, que establece entre outras medidas, a acreditación da experiencia laboral dos traballadores sen cualificación. Con este financiamento preténdese impulsar a difusión das diferentes modalidades de oferta formativa, o proceso de avaliación e acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral, a orientación profesional aos estudantes e a posta en funcionamento dos centros integrados de formación profesional e a dos centros de referencia nacional.

